

	AXENDA AMENCER SÁBADO 22
Sábado 22	Exposición fotográfica "Rostros de esperanza" Curso de monitores 11:00-12:45 Actividade Andaina e ADS 16:30-21:30 Sala Aberta e Proxecto Xangal 20:00-21:30 Formación de animadores 22:00-00:00 Cacao concerto

"EXPOSICIÓN ROSTROS DE ESPERANZA"

Descrición: Unha exposición da Fundación JuanSoñador aberta e clara, que espalla vida por milleiros. Detrás de cada rostro ou mirada infantil podemos descubrir o mundo real no que viven. Pero ese mundo, que coñecemos ou escoitamos falar del, non aparece. Dínno as miradas alegres desas dúas nenas xitanas, ou a mirada incerta desa rapariga de Senegal, ou os ollos dese pequeno indio co chupachus ou a pequena boliviana alegre e despeiteada. Queremos que as miradas falen e móstrennos o outro mundo, o que mal chamamos "terceiro mundo", porque debe ser o cuarto ou o quinto... Pero, para moitos é o primeiro polos seus valores.

Imaxes impresionantes. Impresionan gratamente as fotografías, non son amargas, tristes, dolorosas, é o que os seus novos autores, Pablo, Mayte, Bernardo e Marga, queren. Pero o que realmente nos ten que impresionar son as súas vidas, a súa contorna, o que están a vivir, o seu presente e o seu futuro... Se as súas miradas fálannos, escoitémoslles. Son 33 fotografías de 38cm X 25 cm. A cor.

Datas : Do 17 de novembro ao 12 de decembro

Horario: De luns a sábados, de 10:00 a 13:00 h. e de 18:00h a 20:00h. Grupos previa cita.

Lugar: Sala dos 15 anos da Asociación Xuvenil AMENCER

CURSO DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Convoca: Asociación Xuvenil Amencer – Escola de Tempo Libre Don Bosco

Requisitos: Mozos e mozas maiores de 18 anos.

Contido: Fundamentos de Psicoloxía, Fundamentos educativos, Habilidades específicas e de recursos, Lexislación...

Lugar: Locais da Asociación Xuvenil AMENCER na Praza Don Bosco 1, baixo.

Horario: De 9 a 14, de 16 a 21 horas.

Data: Fins semana de Novembro, Decembro e Xaneiro, pontes e vacacións de Nadal.

ACTIVIDADE ANDAINA: CONCURSO MUSICAL SEGUE A LETRA

Os rapaces/as de 9 a 11 anos que pertencen aos grupos de Andaina terán a súa actividade semanal, que consistirá nun concurso musical con motivo de Santa Cecía. Os obxectivos son promover o achegamento da música os nenos e nenas e establecer un día de amizade e diversión entre os rapaces. Faremos grupos e farán as seguintes probas: cancións de animación incompletas; bailes de animación; fragmentos de cancións; cancións que conteñan certa palabra; inventar unha coreografía a partires dunha canción; representar unha canción nun encerado.

ACTIVIDADE ADS “ILLA REUNIÓN”

Os rapaces e rapazas de 12 a 14 anos dos grupos ADS terán a súa actividade semanal dentro da aventura que dura todo o trimestre titulada “Viaxe polos mares do sur”. Esta semana farán turismo pola illa reunión. Na actividade terán que facer turismo pola fermosa cidade, recollendo algunha instantánea para o álbum persoal do capitán do barco. Para isto cada grupo levará consigo unha cámara de fotos e retratarase diante de cada un dos lugares emblemáticos da cidade. Os circuitos son os seguintes: Leiteira de Paseo; Concello; Fonte do bispado; Fonte do Ferro; Fonte do Trigo; Burgas, Praza do Corredor, Catedral e Alameda. Un segundo circuito: Ponte romana; Parque da Ponte; Estación de tren, Locomotora antiga; Ponte Milenio; Pasarela e Castiñeira.

CÍBER , SALA ABERTA E XANGAL

Mañá sábado, como xa é habitual, estarán en funcionamento o ciber e a Sala Aberta (con xogos de mesa, pimpón, futbolíns, revistas, información xuvenil...), ambas as dúas a disposición de calquera rapaz/a e mozo/a da nosa cidade.

FORMACIÓN DE ANIMADORES

Desde as 20:00 h até as 21:30 h. terá lugar a F.A. “Formación de animadores e animadoras” de Amencer. Esta vez será a partir do libre “Técnicas e xogos cooperativos” de Xesús Jares. Será unha xuntanza formativa eminentemente práctica dando a coñecer, ademais, o libro ao equipo de animación de Amencer.

XVIª FEIRA DA MÚSICA, SÁBADO 22: CACAO CONCERTO

A Asociación Xuvenil AMENCER organiza a 16ª edición da Feira da Música. Realizarase durante a fin de semana do 21 ao 23 de novembro, nos locais da asociación na praza Don Bosco 1, baixo. Esta feira realízase en honra á patroa da música, Santa Cecía, que se festexa o día 22 de novembro. Xa son 16 anos en que AMENCER organiza este tipo de actos que teñen como denominador común a música e que nós chamamos Feira da Música.

O obxectivo desta feira é achegar un valor tan en auxe na mocidade como a música a tódolos mozos e mozas, rapaces e rapazas de AMENCER, e da nosa cidade de Ourense. Ademais, preténdese un achegamento dende un modo participativo, creativo e eminentemente xuvenil, de aí que se programen actividades que cremos orixinais e interesantes para os nosos destinatarios.

Este sábado desde as 22:30 a 00:00 ofertarase o tradicional **Cacao Concerto** no que distintos grupos amateurs ourensáns tocarán para amenizarnos a noite. Será un concerto acústico. Entre os asistentes repartirase un vaso de cacao de comercio xusto. Será na sala Aberta da nosa asociación. Os grupos serán: **3 pájaros de un tiro e Hard luck men.**